



RESOLUCIÓN do 18 de xuño de 2018, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se acorda a ampliación do prazo para a resolución definitiva das solicitudes de axuda da convocatoria 2018 presentadas ao abeiro da ORDE do 20 de decembro de 2017 pola que se establece a convocatoria para o ano 2018 e se particulariza o seu importe global máximo, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipado de gasto (DOG n.º 29, do 09.02.2018). Bases reguladoras: ORDE do 31 de decembro de 2016 da Consellería do Mar (DOG nº 23, do 02.02.2017). Procedemento PE209B 2018.

De conformidade co disposto no punto 3 do artigo 11 da devandita orde de 31 de decembro de 2016 de bases reguladoras xerais, o prazo para resolver o procedemento de concesión das axudas será de cinco meses contados dende o 9 de febreiro de 2018.

De conformidade co disposto na disposición adicional terceira, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro está facultada para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento da dita orde.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece no apartado 1. d) do artigo 22 que "O transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución poderá suspenderse cando se soliciten informes preceptivos a un órgano da mesma ou distinta Administración, polo tempo que medie entre a petición, que deberá comunicarse aos interesados, e a recepción do informe, que igualmente deberá ser comunicada aos mesmos. Este prazo de suspensión no poderá exceder en ningún caso de tres meses. No caso de non recibirse o informe no prazo indicado, proseguirá o procedemento " e, no artigo 23 que "Excepcionalmente cando se esgotasen os medios persoais e materiais dispoñibles aos que se refire o número 5 do artigo 21, o órgano competente para resolver, a proposta se for o caso, do órgano instrutor ou o superior xerárquico do órgano competente para resolver, poderá acordar de maneira motivada a ampliación do prazo máximo de resolución e notificación, non podendo ser éste superior ao establecido para a tramitación do procedemento. Contra o acordo que resolva sobre a ampliación de prazos, que deberá ser notificado aos interesados, non caberá recurso ningún".

Neste sentido, de conformidade cos preceptos indicados anteriormente, ante o elevado número de solicitudes formuladas, a necesidade de facer as comprobacións relativas ao artigo 10º do Regulamento 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca e os medios persoais e materiais dispoñibles, cómpre acordar a ampliación do prazo para a resolución definitiva das solicitudes ata o 01 de outubro de 2018.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2018

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo